


Programa I (TR802G) - Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais

Prazo de solicitude aberto desde
o 2 de marzo ás 09:00 h ata o 16
de setembro de 2026 ás 20:00 h
ou ata o esgotamento do crédito



Orzamento
2 800 000 €

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:
concorrencia non competitiva



Entidades beneficiarias

Cooperativas e sociedades laborais que incorporen como persoas socias traballadoras ou de traballo, con carácter indefinido, en centros de traballo de Galicia as seguintes persoas:

- Desempregadas inscritas como demandantes de emprego
- Vinculadas por un contrato de traballo temporal
- Socias a proba da cooperativa á que se incorporan e ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no momento da incorporación
- Asalariadas dunha empresa que se transforma nunha cooperativa ou sociedade laboral que non sexan socias da empresa transformada

A incorporación:

- Deberá incrementar o emprego fixo e o número de persoas socias, respecto á media dos últimos 12 meses
- Poderá incluír a persoas menores de 30 anos (ou menores de 35 anos se teñen discapacidade), desempregadas e inscritas como demandantes de emprego
- Poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial (como mínimo o 50% da xornada ordinaria)



Contía dos incentivos

PERÍODO SUBVENCIONABLE:
Do 1 de outubro de 2025 ao 30 de
setembro de 2026

6000,00 € por cada persoa que se incorpore con carácter indefinido e a xornada completa. Esta contía incrementarase nun 25% (acumulable) se a persoa:

- É muller
- Ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social
- Ten unha discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral
- Ten máis de 45 anos
- Ten a condición de emigrante retonarda
- Se identifique como persoa trans
- O centro de traballo está situado nun concello rural
- É unha cooperativa xuvenil
- É unha entidade de nova creación constituída inicialmente con 4 ou máis persoas socias traballadoras

A subvención ascenderá a 600,00€ ao mes por cada persoa moza incorporada (por un período de entre 6 ou 12 meses). Os incentivos poden verse reducidos nun 50% se a dedicación é a tempo parcial ou en condición de fixo discontinuo.

A contía máxima por entidade beneficiaria poderá ser de 67 500,00 €

SUBVENCIÓN BAIXO A CONDICIÓN DE MINIMIS

- A axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá 300 000,00 € durante os 3 anos previos
- No sector agrícola, a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 50 000,00 € durante calquera período de 3 anos
- No sector da pesca e da acuicultura, a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 40 000,00 € durante calquera período de 3 exercicios fiscais

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras. Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

Programa II (TR802J) - Fomento do acceso á condición de persoa socia

Fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como fomentar o acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas.



Persoas beneficiarias

Persoas que accedan á condición de persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral con carácter indefinido, que desenvolvan a súa actividade nun centro de traballo situado en Galicia e que no momento da súa incorporación, cumpran algunha das condicións seguintes:

- Desempregadas inscritas como demandantes de emprego
- Persoas socias a proba da cooperativa á cal se incorporan
- Persoas asalariadas da cooperativa ou sociedade laboral a cal se incorporan
- Persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral (sempre que non teñan a condición de socias de empresa transformada)
- Persoas socias traballadoras ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral a tempo parcial que acceden á mesma condición a tempo completo

Tamén poderán ser beneficiarias as persoas que, sendo desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade.

Facilítase mediante o financiamento das achegas económicas ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como persoa socia

PERÍODO SUBVENCIONABLE:
Do 1 de outubro de 2025 ao 30 de setembro de 2026



Contía das subvencións

Entre 3000,00 € e 6000,00 € segundo o previsto no artigo 30.1 das bases de axuda. Ditas contías incrementaranse nun 25% (acumulable) se a persoa:

- É muller
- Ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social
- Ten unha discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral
- Ten máis de 45 anos
- Ten a condición de emigrante retonarda
- Se identifique como persoa trans
- O centro de traballo está situado nun concello rural
- É unha cooperativa xuvenil
- É unha entidade de nova creación constituída inicialmente con 4 ou máis persoas socias traballadoras

SUBVENCIÓN BAIXO A CONDICIÓ DE MINIMIS

- A axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá 300 000,00 € durante os 3 anos previos
- No sector agrícola, a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 50 000,00 € durante calquera período de 3 anos
- No sector da pesca e da acuicultura, a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 40 000,00 € durante calquera período de 3 exercicios fiscais

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras. Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.